

**EXPEDIENTE Nº: 35/2018-2018001663: OBRA "EDIFICACIÓN PROVISIONAL PARA INSTALACIONES DE PIRAGÜISMO EN BALTAR- PORTONOVO (SANXENXO)"**

**ASUNTO: INCOACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN**

### **RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA**

En data 29 de novembro de 2018 por resolución desta alcaldía foi aprobado o proxecto BÁSICO E DE EXECUCIÓN REVISADO DA OBRA EDIFICACIÓN PROVISIONAL PARA INSTALACIONES DE PIRAGÜISMO EN BALTAR-PORTONOVO (SANXENXO) redactado polo arquitecto Alfredo Díaz Grande en novembro de 2018, cun orzamento de execución por contrata sen IVE de 235.562,97 euros e de 284.987,63 euros con IVE e un prazo de execución de 4 meses.

Así mesmo no expediente constan os seguintes documentos e informes:

- Proxecto básico e de execución inicial da obra "EDIFICACIÓN PROVISIONAL PARA INSTALACIONES DE PIRAGÜISMO EN BALTAR-PORTONOVO (SANXENXO) redactado polo arquitecto, Don Alfredo Díaz Grande.
- Informe técnico do 21 de maio de 2018 do arquitecto municipal, Don Rafael Vázquez Abal.
- Autorización do Servizo Provincial de Costas de Pontevedra e informe favorable ás obras que se pretenden executar emitido por Augas de Galicia.
- Informe xurídico favorable de viabilidade urbanística, de data 28 de agosto de 2018, emitido polo técnico do Concello de Sanxenxo, Don José M. Rey Rial.
- Informe técnico urbanístico do proxecto básico e de execución revisado da obra de referencia do 29 de novembro de 2018 suscrito polo arquitecto municipal, Don Rafael Vázquez Abal.
- Informe xurídico favorable de viabilidade urbanística do proxecto básico e de execución revisado da obra de referencia de data 29 de novembro de 2018, emitido polo técnico do Concello de Sanxenxo, Don José M. Rey Rial.

O 30 de novembro de 2018 procedeuse ao replanteo do proxecto; a estes efectos levantouse Acta asinada polo arquitecto municipal.

Á vista dos antecedentes expostos, esta alcaldía no uso das súas atribucións, resolve:

**Incoar o expediente para a contratación da "EDIFICACIÓN PROVISIONAL PARA INSTALACIONES DE PIRAGÜISMO EN BALTAR- PORTONOVO (SANXENXO)", a través de procedemento aberto simplificado.**

**Dada en Sanxenxo a trinta de novembro de dous mil dezaioito.**

**O alcalde**

**ante min, o secretario accidental**



**Telmo Martín González**



**Luis Ángel Sabariz Rolán**